

ADAPTACIÓN TERCEIRO
TRIMESTRE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE
MÚSICA

CURSO 2019-2020



O CARBALLIÑO

INDICE

1. COMPETENCIAS CLAVE e ESTÁNDARES (Modificacións).....	1
1.1 Contidos mínimos por niveis.....	2
1.2 Criterios e Estándares de aprendizaxe por niveis.....	5
2. METODOLOXÍA e ACTIVIDADES (Modificacións).....	9
2.1 Criterios metodolóxicos.....	9
2.2 Metodoloxía.....	10
2.3 Actividades.....	11
3. AVALIACIÓN e CUALIFICACIÓN (Modificacións).....	13
3.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.....	13
3.2 Criterios de Cualificación.....	15
4. INFORMACIÓN e PUBLICIDADE.....	17

1. COMPETENCIAS CLAVE e ESTÁNDARES de APRENDIZAXE

A primeira modificación que se introduce nesta programación, afecta ó conxunto das **competencias clave imprescindibles**, que debería desenvolver o alumnado de cada nivel e que servirán como referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación da materia que se desenvolverá ó longo deste terceiro trimestre.

Debido ó excepcional deste trimestre e ó obrigado cambio na metodoloxía xeral empregada, considero necesario priorizar una serie de competencias fronte a outras que o non ter clases presenciais considero pasarían a un segundo plano aínda que non menos importante. Do conxunto das sete competencias principais, **priorizaranse** en todos os niveis as seguintes, por orden de importancia:

- 1. Aprender a aprender (CAA)**
- 2. Competencia dixital (CD)**
- 3. Comunicación Lingüística (CCL)**
- 4. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Estas catro competencias serán as que se tomarán como referente á hora de deseñar as actividades de todo tipo, no conxunto de niveis no que se imparte a materia de Música. Polo tanto serán as competencias básicas que o conxunto de alumnos deberá conquistar para acadar unha avaliación positiva.

As tres competencias restantes, só se terán en conta, no caso de aqueles alumnos que superen amplamente as catro anteriores, coa única finalidade de suplementar ou aumentar a súa nota.

Estas son:

- 5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**
- 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)**
- 8. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

A concreción para cada unha destas competencias, no que se refire a actividades, tarefas e propostas de traballo quedaron xa establecidas no **punto 2** da Programación anual 2019/20.

1.1 CONTIDOS MÍNIMOS TERCEIRO TRIMESTRE

1- Obradoiro de Música 1º ESO

Contidos Mínimos

Dado o carácter eminentemente práctico da materia e a necesidade de contar con clases prácticas para un bó desenvolvemento da mesma, neste trimestre faise especialmente complexo o deseño da avaliación para estes alumnos. Os mínimos reduciranse notablemente, centrándonos nos contidos e aspectos máis teóricos (que son os menos).

Esto non quere dicir que os alumnos non acaden ditos mínimos, xa que as dúas avaliacións anteriores dan boa conta do estado de asimilación das competencias clave por parte dos mesmos.

Por outra banda, o haber unha continuidade curricular co curso de 2º eso, as deficiencias que poidan presentar neste curso, solventaranse no curso seguinte, especialmente no que se refire aos dous últimos puntos destes contidos mínimos.

Os mínimos contemplados para esta avaliación son os seguintes:

- A intensidade como calidade do son e a súa finalidade na música.
- Os matices de intensidade e os reguladores.
- Coñecemento básico do aparello fonador.
- A iniciación o canto: sistema respiratorio, tipos de respiración, posturas correctas de cara ó canto.

2- Segundo da ESO

Contidos Mínimos

- Recoñecemento e Clasificación de diferentes instrumentos na familia instrumental correspondente.
- Diferenciar distintas agrupacións tanto instrumentais como vocais.
- Asimilar as principais características da música clásica e da música popular (tradicional e urbana)
- Asimilar os protocolos de comportamento nos espazos adicados á interpretación de diferentes estilos musicais: auditorios, teatros, espazos ó aire libre....
- Os principais instrumentos da música tradicional (galega) e da música urbana, así como as súas agrupacións instrumentais.

Contidos Terceiro Trimestre

Desenvolveranse **contidos de repaso e de reforzo** correspondentes as **unidades tres e catro** do libro, referidas á: clasificación de instrumentos e as características da música clásica e os seus protocolos e instrumentos de interpretación. Estes contidos unha vez superados e asimilados servirán tamén como **probos de recuperación** de aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa, xa que as probas de recuperación da primeira avaliación xa foron realizadas.

Por outra banda e na medida do posible, ampliaranse ditos contidos cos apartados máis relevantes dos **temas cinco e seis**, referidos as características da música popular (tanto tradicional como urbana) e os seus instrumentos e agrupacións máis característicos.

Todos estes contidos desenvolveranse mediante a realización de actividades e cuestionarios de repaso-ampliación, especialmente deseñados para atender os mínimos establecidos anteriormente.

3-Terceiro da ESO

Contidos Mínimos

Os contextos culturais:

- Relacionar cada período histórico (dende o Barroco ó Romanticismo) coa sociedade do momento, as artes e o pensamento, así como os principios estéticos fundamentais.
- Distinguir as formas e tipos de composicións tanto relixiosas coma profanas, vocais e instrumentais dos distintos períodos históricos da evolución musical.
- Recoñecer aos compositores máis destacados de cada período da historia da música.

Audicións musical

- Identificar e describir os instrumentos e voces ou as súas agrupacións, nas audicións propostas.
- Recoñecemento dos tipos de texturas: monodía, heterofonía, polifonía e contrapunto, monodía acompañada... nas audicións propostas.

Música e Tecnoloxía

- ³⁹₁₇ Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Contidos Terceiro Trimestre

Desenvolveráanse **contidos de repaso e de reforzo** correspondentes á **unidade tres** do libro, referidas a Música no Barroco: características da música deste período, formas musicais vocais e instrumentais, instrumentos e agrupacións, compositores e audicións representativas. Estes contidos unha vez superados e asimilados servirán tamén como probos de recuperación de aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa, xa que as probas de recuperación da primeira avaliación xa foron realizadas.

Por outra banda e na medida do posible, ampliaranse ditos contidos cos apartados máis relevantes dos **temas catro e cinco**, referidos a música do Clasicismo e do Romanticismo. E dicir, as súas características máis importantes, as formas vocais e instrumentais, compositores e audicións destacadas.

Todos estes contidos desenvolveranse mediante a realización de actividades e fichas de repaso-ampliación, especialmente deseñadas para atender os mínimos establecidos anteriormente. **3**

4- Bacharelato . Análise Musical I

Contidos Mínimos

1. Percepción dos elementos que interveñen na estrutura dunha obra musical (melodía, harmonía, ritmo, tempo, dinámica, timbre e textura) en diferentes contextos vocais e instrumentais.
2. Comprensión da organización estrutural da música e utilización de diferentes modos de representala graficamente, para reflectir esquematicamente as partes, as seccións e as subseccións coas que se articula unha obra musical.
3. Recoñecer a forma dunha obra a partir da súa audición e saber explicala cunha terminoloxía precisa, con ou sen partitura.
4. Saber facer un comentario dunha obra musical auditivamente e con partitura.

Contidos Terceiro Trimestre

Os contidos a desenvolver no Terceiro Trimestre, continuarán o programa establecido na Programación inicial, xa que o groso da materia practicamente foi desenvolta durante as dúas avaliacións anteriores. Ademais dado o carácter continuo destes contidos, os alumnos están perfectamente capacitados para continuar e finalizar o programa aínda que se imparta de xeito telemático.

Como quedou reflexado na Programación inicial, os contidos centraranse no último bloque do programa: Análise Sintáctica e Formal. As formas musicais básicas, binarias e ternarias.

Todos estes contidos desenvolveranse mediante a realización de actividades e fichas de repaso-ampliación, especialmente deseñadas para atender os mínimos establecidos anteriormente, así como a análise de partituras e audicións que se aportarán a través da aula virtual do centro.

5- Análise Musical II

Polo que respecta a materia de Análise Musical II cando se decretou o estado de alarma no país, os alumnos xa tiñan repartidos os traballos e actividades referidas o Terceiro trimestre, e todos eles, comenzaran a traballar na súa elaboración. En consecuencia o traballo da terceira avaliación xa estaba en proceso, e na actualidade continúa coa excepción de que se fai de xeito telemático.

Debido o exposto, o Departamento de Música decidiu non modificar a Programación Inicial neste grupo, no que respecta a **obxectivos, criterios de avaliación, mínimos, e estándares de aprendizaxe**.

Os Criterios de Cualificación deste grupo, non se modifican e serán os mesmos establecidos na Programación inicial.

1.2- CRITERIOS e ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1- Obradoiro de Música 1º ESO

Obradoiro de Música. 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias Clave
Bloque 1. Interpretación e Creación				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ m ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 A figuración rítmica: redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios. ▪ B1.2 A altura das notas ▪ B1.3 O compás binario, ternario e cuaternario ▪ B1.4 Utilización de grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios); sonoridade maior e menor; timbres instrumentais e vocais e diferentes intensidades e velocidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.1.2 Diferencia en tomos melódicos maiores e menores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.1.3 Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5 Coñecemento básico do aparello fonador. Aplicación práctica. ▪ B1.6 Iniciación ao canto: respiración diafragmática. Postura correcta para o canto, a emisión e a proxección vocal. Exercicios e quecemento vocal progresivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2 Cantar as cancións e exercicios propostos en clase de forma correcta en todos os procesos: postura, respiración, emisión e resonancia da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.2.1 Mantén unha correcta postura e respiración ao entoar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.2.2 Coñece e comprende o seu proceso de emisión e resonancia da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.2.3 Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.2.4 Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7 O corpo como medio de expresión musical: características xenéricas e formais. ▪ B1.8 Improvisación de pequenas pezas de xeito individual mediante o uso da voz e da percusión corporal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3 Utilizar os diferentes sons producidos mediante percusión corporal e coa voz, para a creación, a improvisación e a interpretación de pequenas pezas rítmicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.3.1 Utiliza os elementos producidos para elaborar pezas instrumentais e vocais de carácter rítmico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.4.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9 A escala musical e o seu uso máis habitual na música occidental. Uso da escala diatónica maior e da escala pentatónica. ▪ B1.10 Improvisación de pequenas estruturas polifónicas utilizando un ostinato e a escala pentatónica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4 Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. A partir das indicacións do docente, coa voz, percusión corporal, pequena percusión, instrumentos de láminas e demais instrumentos de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.4.2 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ OMB1.4.2 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

2- Segundo da ESO

1-Bloque 2: Escoita

1- Criterio B2.1: identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.

Estándares:

B2.1.1: Diferencia as sonoridades e a forma dos instrumentos orquestrais, e os diferentes tipos de voces (CCEC)

B2.1.2: Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclora e doutras agrupacións musicais. (CCEC)

2-Bloque 3: Contextos Musicais e Culturais

1- Criterio B3.1: Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.

Estándares:

B3.1.1: recoñece, crea, e interpreta distintas manifestacións da danza. (CCEC)

B3.1.2: distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. (CCEC)

2- Criterio B3.2: Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.

Estándares:

B3.2.1: amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidades selectiva. (CCEC)

3- Criterio B3.3: Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

Estándares:

B3.3.1: valora e respectao patrimonio musical español e galego. (CCEC)

B3.3.2: practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentai e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)

B3.3.3: coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. (CCEC)

B3.3.4: contribúe á conservación, á recuperación e á transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas. (CCEC, CSIEE)

4- Criterio B3.4: Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou “falar de música”

Estándares:

B3.4.1: emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. (CCL)

B3.4.2: comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. (CCL)

Bloque 4: Música e Tecnoloxías

1- Criterio B4.1: Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.

Estándares:

B4.1.1: Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías e utilizaas como ferramentas para a actividade musical. (CD)

B4.1.2: participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. (CD, CSIEE)

2- Criterio B4.2: Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Estándares:

B4.2.1: utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD)

3-Terceiro da ESO

1-Bloque 1. Escoita

1- Criterio B1.1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.

Estándares:

B1.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. (CCEC,CAA)

2- Criterio B1.2. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.

Estándares:

B1.2.1. Amonsa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas.(CAA)

B1.2.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas (CCEC,CSC)

2-Bloque 2. Contextos musicais e culturais

1-Criterio B2.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.

Estándar:

B2.1.1. Expressa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. (CCEC,CCL)

B2.1.2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. (CCEC)

B2.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. (CCEC, CCL)

2-Criterio B2.2. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.

Estándar:

B2.2.1. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. (CCEC,CAA)

2- Criterio B2.3. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.

Estandar:

B2.2.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. (CCEC,CSC)

B2.2.2 Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.(CCEC,CCL)

Bloque 3. Música e tecnoloxías

1- Criterio B3.1. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Estándar:

B3.1.1. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD;CAA)

4-Bacharelato. Análise Musical I

Bloque . A forma musical

1- Criterio B2.1.

Recoñecer a forma dunha obra de calquera estilo e a súa correspondencia ou non cunha forma tipo a partir da súa partitura e audición, e saber explicala coa terminoloxía precisa.

Estándares

B2.1.1. Comprende e describe o que é forma tipo ou forma histórica. (CCEC, CCL)

B2.1.2. Describe a forma da obra empregando unha linguaxe concreta e adecuada.(CCEC, CCL)

B2.1.3. Analiza unha obra reflectindo esquematicamente as partes, as seccións e as subseccións en que pode dividirse.(CCEC, CAA)

B2.1.4. Recoñece e describe os procedementos xeradores de forma (repetición, contraste, elaboración de materiais e coherencia). (CCEC)

Bloque . As formas históricas

1- Criterio B3.1.

Escoitar obras de características ou estilos diversos, e recoñecer as diferenzas e/ou as relacións entre elas.

Estándares

B3.1.1. Distingue aspectos característicos da música, como a estrutura e as súas características harmónicas, rítmicas, tímbricas, etc.(CMCCT, CCEC)

B3.1.2. Distingue, polas súas características compositivas, formais e estéticas, a pertenza dunha obra a unha determinada época ou a un estilo.(CCEC)

B3.1.3. Asimila o estudado e atopa información adecuada para desenvolver unha explicación fundamentada, razoada e sentida das obras analizadas.(CCL, CAA, CD, CSIEE)

2- Criterio B3.2.

Comentar oralmente ou por escrito a relación entre música e texto en obras de diferentes épocas e estilos.

Estándares

B3.2.1. Comprende e explica o tratamento que realizou o/a compositor/a do texto: se foi descritivo, se é unha simple excusa, se o poema ou texto de partida determina a forma, se o punto culminante coincide con palabras especiais, etc (CCL, CCEC)

B3.2.2. Utiliza argumentos e razoamentos coherentes.(CCL)

2- METODOLOXÍA DOCENTE e ACTIVIDADES (Modificacións)

Para a consecución das competencias clave apuntadas no apartado anterior, a metodoloxía docente debe variar con respecto os trimestres anteriores. Concretarase mediante os diferentes tipos de actividades (recuperación, reforzo ou ampliación) e dos diferentes xeitos de presentar os contidos de cada unidade didáctica. Así:

2.1-Criterios metodolóxicos

As liñas metodolóxicas do trimestre, sintetízanse nos seguintes puntos:

a) A metodoloxía adaptarase as características da cada nivel, tendo en conta, os obxectivos xerais xa acadados nos trimestres anteriores e atendendo sempre a diversidade de alumnos que atopamos en cada curso. Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Na medida do posible deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas.

b) A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

c) Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.

d) Favorecerase a capacidade dos alumnos para aprender por si mesmos e para traballar en equipo, e atenderase os diferentes ritmos de aprendizaxe.

e) Xa que as clases e actividades impartiranse de xeito telemático, farase coa axuda do centro, un especial esforzo para identificar o alumnado que carece de medios de conexión dixital e, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión, arbitrarase as medidas necesarias e facilitarase o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa a este alumnado.

f) A organización docente atenderá as necesidades, aptitudes e intereses dos alumnos.

g) As actividades a realizar, valorarán de xeito especial o traballo persoal e individualizado dos alumnos.

h) Darase prioridade a comprensión dos contidos fronte a aprendizaxe puramente mecánica e memorística.

i) A actividade docente procurará dar unha formación persoalizada, fomentará a participación dos alumnos, asegurará unha efectiva igualdade entre o alumnado.

2.2 - Metodoloxía

O anteriormente expresado desenvolverase de acordo co seguinte esquema de traballo e de xeito xeral en todos os niveis.

1- Creación de Cursos na Aula Virtual do centro. Especialmente en aqueles niveis con un maior dominio das ferramentas dixitais, como son 3º da eso e Bacharelato, o profesor/a deseñará cursos adaptados os contidos a desenvolver no trimestre (tanto de repaso, reforzo como nova materia). Ditos cursos conterán información, enlaces, videos explicativos, audios etc...que complementen os contidos das diferentes unidades didácticas a desenvolver.

Así mesmo, tamén se incluírán cuestionarios e fichas de actividades, partituras e audicións a comentar polos alumnos.

2-Traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas. Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para assimilar e reforzar o aprendido Así: ficheiros de preguntas, pequenos traballos sobre aspectos concretos do tema, análise de audicións propostas, búsquedas web, actividades do libro de texto, entre outras. Estas actividades sucédense no desenvolvemento dos contidos, afianzando os conceptos principais. Todo baixo a supervisión persoal do profesor, que orientará e proporcionará a axuda necesaria.

3-Recuperacións. Aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa, recuperarán o trimestre sempre e cando entreguen correctamente elaborados os dosieres e actividades de repaso relativos os contidos anteriormente especificados para cada nivel. Esta recuperación só afecta á segunda avaliación, xa que as probas de recuperación da primeira xa se fixeron no mes de Xaneiro.

4-Alumnos coa materia pendente. Non contamos no presente curso con alumnos pendentes.

5-Información aos alumnos. Periódicamente (semanalmente) os alumnos serán informados a través da mensaxería ABALAR, titores ou contas persoais de correo, dos contidos que deberán traballar, así como das actividades que deberán enviar ó correo facilitado pola profesora. Valoraránse especialmente os prazos de entrega de cada traballo.

Os niveis con menor dominio da tecnoloxía como son 1º e 2º eso, serán igualmente informados das actividades a desenvolver a través do ABALAR, titores ou contas persoais de correo. As actividades neste caso serán do seu libro de texto.(actividades de reforzo do libro)

6-Variedade de instrumentos didácticos. Presencia de distintos formatos no proceso: libro do alumno e CD, aula virtual do centro, enlaces a páxinas de contidos (videos, audios, textos, graficas, esquemas, etc....), Débase ter en conta que a aprendizaxe non se levará a término de forma estanca senón que constituirá un todo coherente no que os diferentes contidos e actividades se complementarán.

2.3- Actividades

1-Obradoiro Musical 1º

Dado o carácter eminentemente práctico da materia e a necesidade de contar con clases prácticas para un bó desenvolvemento da mesma, neste trimestre faise especilamente complexo o diseño de actividades para estes alumnos. Centrarémonos en actividades de repaso das dúas avaliacións anteriores, sobre todo da práctica instrumental, repasando as partituras anteriores tanto a nivel de lectura (solfeo) coma de interpretación (fauta), así como repaso mediante cuestionarios e fichas dos contidos teóricos de ambas avaliacións.

2- Segundo Eso

Desenvolveranse actividades de repaso e de reforzo correspondentes as unidades tres e catro do libro, referidas á: clasificación de instrumentos e as características da música clásica e os seus protocolos e instrumentos de interpretación. Ditas actividades consistirán en cuestionarios e fichas relativas os contidos teóricos principalmente. A parte práctica aínda que se continuará repasando, e difícil de controlar salvo o envío voluntario de videos coa gravación do alumno. Os videos pesan moito na plataforma e non sempre se pode subir nin enviar correctamente, ademáis non todos teñen acceso as ferramentas tecnolóxicas axeitadas.

Estes contidos unha vez superados e asimilados servirán tamén como probas de recuperación de aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa, xa que as probas de recuperación da primeira avaliación xa foron realizadas.

Por outra banda e na medida do posible, ampliaranse as actividades cos contidos máis relevantes dos **temas cinco e seis**, referidos as características da música popular (tanto tradicional como urbana) e os seus instrumentos e agrupacións máis característicos. A dinámica será a mesma que a anterior: cuestionarios e fichas de actividades.

3- Terceiro Eso

Desenvolveráanse **actividades de repaso e de reforzo** correspondentes á **unidade tres** do libro, referidas a Música no Barroco: características da música deste período, formas musicais vocais e instrumentais, instrumentos e agrupacións, compositores e audicións representativas. Estas actividades consistirán en cuestionarios, fichas de contidos de carácter teórico e fichas de audicións de carácter máis práctico. Unha vez realizadas e revisadas servirán tamén como probas de recuperación de aqueles alumnos coa segunda avaliación suspensa, xa que as probas de recuperación da primeira avaliación xa foron realizadas.

Por outra banda e na medida do posible, ampliaranse as mesmas con cuestionarios, fichas e audicións dos **temas catro e cinco**, referidos a música do Clasicismo e do Romanticismo, a fin de completar na medida do posible os contidos establecidos na Programación inicial do curso.

Análise Musical I . Bacharelato.

As actividades a desenvolver no Terceiro Trimestre, continuarán o programa establecido na Programación inicial, xa que o groso da materia practicamente foi desenvolto durante as dúas avaliacións anteriores. Ademais dado o carácter continuo destes contidos, os alumnos están perfectamente capacitados para continuar e finalizar o programa aínda que se imparta de xeito telemático.

Como quedou reflexado na Programación inicial, as actividades centraranse no desenvolvemento do último bloque do programa: Análise Sintáctica e Formal. Consistirán fundamentalmente na análise semanal dunha ou dúas partituras e das súas audicións relacionadas co tema que se estea desenvolvendo na aula virtual, así coma a realización dun traballo (análise) final que servirá como ferramenta de avaliación.

3- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN (Modificacións)

3.1- Procedementos e Instrumentos de Avaliación

Procedementos de avaliación

1. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.
2. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvoltas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.
3. En ningún caso, o alumno ou alumna poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non poderá ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.
4. Terase en conta a observación sistematizada en rexistros de recollida de datos dos alumnos/as no que se anotan periódicamente os seus progresos: capacidade de coñecemento da terminoloxía musical, capacidade de lecto-escritura musical, capacidade de traballo individual...
5. Tamén teremos en conta o grao de realización das tarefas en relación coas competencias clave.
6. A análise do traballo semanal do alumnado e valoración da participación nas tarefas de aprendizaxe propostas.

Instrumentos de avaliación

Fichas individuais nas que se recollen os datos mais significativos relativos o proceso de aprendizaxe do alumno. Terase en conta:

- A capacidade individual de traballo do alumno. Mediante o control semanal das actividades propostas e a realización dos exercicios propostos, así como os resultados das avaliacións anteriores...
- A capacidade auditiva: control das fichas e cuestionarios relativos as audicións propostas semanalmente.
- O coñecemento da terminoloxía musical, mediante o control da busca e comprensión do o vocabulario proposto.
- A súa actitude cara a materia. hábito de traballo, realización correcta das actividades, entrega en prazo das mesmas.

Informes individualizados sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. **(Modelo adxunto)**

Ficha de recollida de datos en relación as competencias clave

GRAO DE DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	1	2	3	4
1. Competencia en comunicación lingüística				
1.2 Comprende o que lee, localiza, recupera información e recoñece as ideas principais e secundarias.				
1.3 Manexo e dominio da lingua escrita (escribir correctamente as palabras, compoñer textos e implicarse na escritura) en diferentes contextos. Emprego correcto do vocabulario musical				
Valoración global da competencia en comunicación lingüística				
2- Competencia dixital				
2.1 Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse e comunicarse.				
2.2 Selección, valoración e uso autónomo, responsable e reflexivo da información e as súas fontes e das ferramentas tecnolóxicas para organizar a información.				
Valoración da competencia dixital				
3. Competencia para aprender a aprender				
3.1 Utiliza técnicas para organizar, memorizar e recuperar ua información, utilizando resúmenes, esquemas ou mapas conceptuais.				
3.2 Reflexiona sobre a súa aprendizaxe: organización do traballo, aceptación do error como parte do proceso de aprendizaxe, autocorrección e autoevaluación.				
3.3 Ten curiosidade por plantexarse preguntas para obter información.				
Valoración global da competencia para aprender a aprender				
4. Competencia iniciativa e espírito emprendedor				
4.1 Habilidade para traballar individualmente.				
4.2 Ten o hábito do traballo e é capaz de solucionar problemas de forma autónoma, sabendo tomar decisións.				
4.3 Capacidade para imaxinar e emprender accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico				
7.4 Capacidade para avaliar accións ou proxectos, ou o propio traballo e capacidade para avaliar o traballo realizado en equip				
Valoración Competencia iniciativa e espírito emprendedor				

3.2. CRITERIOS de CUALIFICACIÓN

Os criterios de avaliación e cualificación previstos, valorarán especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

Os alumnos serán informados dos seguintes criterios de cualificación:

3.2.1- Avaliación Ordinaria do mes de Xuño

1- A consecución dos obxectivos programados determinará a cualificación da cada alumno na avaliación ordinaria. As cualificacións serán numéricas, de 0 a 10, ambos inclusive. As notas da avaliación e da avaliación extraordinaria de Setembro cualificaranse de 1 a 10, ou de 0 a 10 (Bacharelato) segundo a lexislación vixente.

2- A Nota de Avaliación do Terceiro Trimestre.

Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ó alumno ou alumna.

Tomarase como nota de referencia a nota da segunda avaliación, podéndose complementar (sempre con carácter sumativo) dita nota, coa valoración das competencias, actividades e traballos realizados polo alumno de xeito telemático.

Os puntos que se sumarán á nota da segunda avaliación, nunca poderán ser superiores a 3.

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico.

3- Recuperacións

Aqueles alumnos que realicen as actividades de recuperación propostas ao longo do trimestre de xeito correcto e mostren un hábito constante de traballo recuperarán a/as avaliacións suspensas. As probas de recuperación da primeira avaliación, xa foron realizadas antes do decreto de alarma.

A nota máxima da recuperación será un 5, xa que ó non ter clases presenciais faise complicado facer un seguimento detallado do traballo dos alumnos, así como a valoración total dos coñecementos adquiridos, polo que ó traballar contidos mínimos a valoración será de aprobado ou suspenso.

4- Valoración de alumnos pendentes

No presente curso non contamos con alumnos coa materia pendente en ningún nivel.

5- Cualificación Final 2019/20

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grado de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas.

Realizarase principalmente sobre as aprendizaxes desenvoltas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ó alumnado.

A **Nota Final**, obterase realizando a media aritmética das notas das tres avaliacións. Esta poderá ser inferior, igual ou superior á nota da terceira avaliación.

O resultado final deberá ser igual ou superior a **5** para aprobar o curso.

3.2.2- Avaliación Extraordinaria do mes de Setembro

1-Probos Extraordinarias de Setembro.

Os alumnos que non superen a materia en Xuño, realizarán as probas de avaliación extraordinarias do mes de Setembro.

Sempre se adecuarán os contidos da proba de Setembro, aos contidos desenvoltos de xeito presencial nos dous primeiros trimestres do ano.

O desenvolvemento das probas así coma as porcentaxes de cualificación manteñen os mesmos criterios establecidos na Programación Inicial, segundo o nivel de ensino.

4- INFORMACIÓN e PUBLICIDADE

1- Información ao alumnado e as familias

Os alumnos e as suas familias serán informadas dos presentes cambios a través da mensaxería Abalar, a través da conta persoal de correo que a profesora utiliza para realizar as actividades cos alumnos dos diferentes niveis, e sobre todo a través da páxina oficial do centro.

2-Publicidade

As modificacións publicaranse na páxina web do centro.

Departamento de Música

Dna. Ana M^a Rivera Corral

I.E.S. Nº 1 Carballiño
Maio 2019-20

